

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14506 Orde PRE/2396/2009, do 8 de setembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.

O Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, incorporou ao noso ordenamento a Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de maio de 2002, sobre substancias indesexables na alimentación animal.

Os valores máximos permitidos de determinadas substancias indesexables na alimentación animal foron modificados pola Directiva 2009/8/CE da Comisión, do 10 de febreiro de 2009, pola que se modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre substancias indesexables na alimentación animal.

Mediante esta orde incorpórase a Directiva 2009/8/CE da Comisión, do 10 de febreiro de 2009, que modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello polo que respecta aos contidos máximos de coccidiostáticos ou histomonóstatos presentes, como resultado dunha transferencia inevitable, nos pensos a que non están destinadas as ditas substancias, a través da adición de novos puntos na parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e o ministro de Sanidade e Consumo, actuais ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e de Sanidade e Política Social, para que, no ámbito das súas respectivas competencias, logo de informe preceptivo da Axencia Española de Seguranza Alimentaria e Nutrición, adopten as disposicións necesarias para o desenvolvemento das previsións do dito real decreto e para a actualización ou inclusión de novos anexos como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e da ministra de Sanidade e Política Social, dispoño:

Artigo único. Modificación do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.

Na parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, incorpóranse os puntos numerados desde o 40 ao 50 inclusive que se relacionan no anexo desta orde.

Disposición derradeira primeira. Incorporación do dereito comunitario ao dereito nacional.

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento interno a Directiva 2009/8/CE da Comisión, do 10 de febreiro de 2009, que modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello polo que respecta aos contidos máximos de coccidiostáticos ou histomonóstatos presentes, como resultado dunha

transferencia inevitable, nos pensos a que non están destinadas as ditas substancias.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de setembro de 2009.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO

Modificación da parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal

Substancias indesexables	Produtos destinados á alimentación animal (10)	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, calculado sobre a base dun contido de humidade do 12%
40. Lasalocide de sodio.	Materias primas para pensos.	1,25
	Pensos compostos para:	
	– Cans, tenreiros, coellos, équidos, animais leiteiros, aves poñedoras, pavos (> 12 semanas) e poliñas destinadas a poñer (> 16 semanas).	1,25
	– Polos de engorda, poliñas destinadas a poñer (< 16 semanas) e pavos (< 12 semanas) durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar lasalocide de sodio (pensos de retirada).	1,25
	– Outras especies animais.	3,75
	Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de lasalocide de sodio.	(h)
41. Narasina.	Materias primas para pensos.	0,7
	Pensos compostos para:	
	– Pavos, coellos, équidos, aves poñedoras e poliñas destinadas a poñer (> 16 semanas).	0,7
	– Polos de engorda durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar narasina (pensos de retirada).	0,7
	– Outras especies animais.	2,1
	Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de narasina.	(h)
42. Salinomicina de sodio.	Materias primas para pensos.	0,7
	Pensos compostos para:	
	– Équidos, pavos, aves poñedoras e poliñas destinadas a poñer (> 12 semanas).	0,7
	– Polos de engorda, poliñas destinadas a poñer (< 12 semanas) e coellos de engorda durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar salinomicina de sodio (pensos de retirada).	0,7
	– Outras especies animais.	2,1

Substancias indesexables	Produtos destinados á alimentación animal (10)	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, calculado sobre a base dun contido de humidade do 12%
	Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de salinomicina de sodio.	(h)
43. Monensina sódica.	Materias primas para pensos. Pensos compostos para: – Équidos, cans, pequenos ruminantes (ovinos e caprinos), patos, bovinos, vacas leiteiras, aves poñedoras, poliñas destinadas a poñer (>16 semanas) e pavos (>16 semanas). – Polos de engorda, poliñas destinadas a poñer (<16 semanas) e pavos (<16 semanas) durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar monensina sódica (pensos de retirada). – Outras especies animais. Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de monensina sódica.	1,25 1,25 1,25 3,75 (h)
44. Semduramicina sódica.	Materias primas para pensos. Pensos compostos para: – Aves poñedoras e poliñas destinadas a poñer (> 16 semanas). – Polos de engorda durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar semduramicina sódica (pensos de retirada). – Outras especies animais. Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de semduramicina sódica.	0,25 0,25 0,25 0,75 (h)
45. Maduramicina de amonio alfa.	Materias primas para pensos. Pensos compostos para: – Équidos, coellos, pavos (> 16 semanas), aves poñedoras e poliñas destinadas a poñer (>16 semanas). – Polos de engorda e pavos (< 16 semanas) durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar maduramicina de amonio alfa (pensos de retirada). – Outras especies animais. Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de maduramicina de amonio alfa.	0,05 0,05 0,05 0,15 (h)
46. Clorhidrato de robenidina.	Materias primas para pensos. Pensos compostos para: – Aves poñedoras e poliñas destinadas a poñer (> 16 semanas). – Polos de engorda, coellos de engorda e reprodución e pavos durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar clorhidrato de robenidina (pensos de retirada). – Outras especies animais.	0,7 0,7 0,7 2,1

Substancias indesexables	Produtos destinados á alimentación animal (10)	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, calculado sobre a base dun contido de humidade do 12%
	Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de clorhidrato de robenidina.	(h)
47. Decoquinato.	Materias primas para pensos. Pensos compostos para: – Aves poñedoras e poliñas destinadas a poñer (> 16 semanas). – Polos de engorda durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar decoquinato (pensos de retirada). – Outras especies animais. Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de decoquinato.	0,4 0,4 0,4 1,2 (h)
48. Bromhidrato de halofuxinona.	Materias primas para pensos. Pensos compostos para: – Aves poñedoras, poliñas destinadas a poñer (> 16 semanas) e pavos (>12 semanas). – Polos de engorda e pavos (< 12 semanas) durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar bromhidrato de halofuxinona (pensos de retirada). – Outras especies animais distintas das poliñas destinadas a poñer (< 16 semanas). Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de bromhidrato de halofuxinona.	0,03 0,03 0,03 0,09 (h)
49. Nicarbacina.	Materias primas para pensos. Pensos compostos para: – Équidos, aves poñedoras e poliñas destinadas a poñer (> 16 semanas). – Polos de engorda durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar nicarbacina (combinada con narasina) (pensos de retirada). – Outras especies animais. Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de nicarbacina (combinada con narasina).	0,5 0,5 0,5 1,5 (h)
50. Diclarzurilo.	Materias primas para pensos. Pensos compostos para: – Aves poñedoras, poliñas destinadas a poñer (> 16 semanas) e pavos de engorda (> 12 semanas). – Coellos de engorda e reprodución durante o período anterior ao sacrificio en que está prohibido usar diclarzurilo (pensos de retirada). – Outras especies animais distintas de poliñas destinadas a poñer (< 16 semanas), polos de engorda e pavos de engorda (< 12 semanas).	0,01 0,01 0,01 0,03

Substancias indesexables	Produtos destinados á alimentación animal (10)	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, calculado sobre a base dun contido de humidade do 12%
	Premesturas para uso en pensos en que non está autorizado o uso de diclazurilo.	(h)

(10) Sen prexuízo dos contidos autorizados no marco do Regulamento (CE) n.º 1831/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2003, sobre os aditivos na alimentación animal.

(h) O contido máximo da substancia na premestura equivale a unha concentración en que o contido da substancia non supere o 50 % dos contidos máximos establecidos nos pensos cando se seguen as instrucións de uso da premestura.